

Nome _____ Data _____

Un equipamento a proba de lume

Seguro que sabes quen son os bombeiros: son os que apagan os incendios e rescatan as persoas en situacións de perigo, como accidentes, inundacións, terremotos, etc. O seu é un traballo arriscado e duro. Pero os bombeiros son valentes, fortes e áxiles, e ademais contan cun bo equipamento. Queres saber cal? Velaquí o tes.

Botella de aire comprimido

O bombeiro conéctaa cando non hai aire para respirar e permítelle traballar durante 40 minutos. Pesa 4 quilos.

Emisora

Vai suxeita á chaqueta. É importante estar comunicado sempre cos demais.

Traxe multicapa

A chaqueta e os pantalóns están confeccionados con varias capas de materiais. Son unha barreira antilume e antihumidade, pero á vez permiten moverse con liberdade porque só pesan 3 quilos. O traxe non leva cremalleiras nin botóns, porque coa calor quecen e queimarían. Todas as partes se axustan con velcro.



Casco

É cómodo e lixeiro. Só pesa 1 quilo.

Viseira

Protexe os ollos da calor e do cegamento.

Máscara

Filtra o aire para respirar mellor cando hai fume.

Bandas luminescentes

Van na chaqueta, no casco e nos pantalóns. Así os bombeiros localízanse entre eles cando hai moito fume.

Botas

Teñen punteiras reforzadas e son moi resistentes; así poden aguantar que lles caia enriba un obxecto pesado sen ferirse.

1 Explica que labor fan os bombeiros.

2 Arrodea as cousas que pertencen ao equipamento do bombeiro e risca as que non.

- cordóns
- botóns
- botas con punteiras reforzadas
- casco
- cremalleiras
- traxe multicapa (chaqueta e pantalón)
- capa
- velcro
- lentes de sol
- viseira
- emisora
- bandas luminescentes
- máscara
- cantimplora
- botella de aire comprimido

3 Escribe o nome e relaciona. Que elemento realiza cada función?



_____ •

- Permite comunicarse con outros bombeiros.



_____ •

- Filtra o aire para respirar mellor cando hai fume.



_____ •

- Protexe os ollos da calor e do cegamento.

4 Responde coma se foses un bombeiro e xustifícao con datos da lectura.

- Se che cae auga enriba, móllaste? _____

- Pode prender lume no teu traxe? _____
- Que fas cando tes que entrar nun lugar onde non hai aire? _____

5 Calcula canto pesa todo o que leva o bombeiro mentres traballa.

Peso do traxe	Peso do casco	Peso da botella	PESO TOTAL QUE TRANSPORTA
	+	+	=